



Nos planos de estudio de 1994 e 2000 dalgunha das licenciaturas de Filoloxía, ofertáanse unha serie de materias optativas, as *Terceiras linguas*, que están incluídas, a efectos de docencia, nas *Segundas linguas troncais*, e polo tanto son a mesma materia. Na organización destas titulacións os alumnos que matriculan unha *Terceira lingua* deberán facelo dunha distinta á *Segunda lingua* cursada, establecendo ademáis no procedemento de matrícula que só matriculen unha Segunda Lingua troncal xa que no caso de facer máis deberán matricular unha Terceira Lingua optativa.

En tanto que se están a producir solicitudes de adaptación/validación de *Segundas e Terceiras linguas*, e tendo en conta o informe que ó respecto realizou o centro

Resolvo

Primeiro .- As validacións/adaptacións entre as *Segundas Linguas* dos planos de 1994 e 2000 e as *Terceiras Linguas* dos mesmos planos, nos dous sentidos, segundo o soliciten os alumnos, deberán resolverse considerando só os seguintes requisitos:

- a) Para que unha *Segunda lingua* poida ser validada/adaptada por unha *Terceira Lingua*, é preceptivo que a titulación correspondente contemple entre as súas materias optativas a *Terceira Lingua*.
- b) A materia troncal *Segunda Lingua* é única, polo tanto, **só poderá figurar con este carácter de troncal, nos expedientes dos alumnos, unha Segunda Lingua.**
- c) Cando nunha titulación de Filoloxía non exista unha *Terceira lingua* optativa, **as que figuren por exceso como Segunda Lingua deberán ser computadas como créditos de libre configuración.**

Segundo.- Coa materia troncal do plano 2000 *Literatura da Segunda Lingua I* e a *Literatura da Terceira Lingua I optativa* actuarase aplicando os mesmos criterios que coas *Segundas Linguas troncais*.

Terceiro.- En tanto que a docencia das materias das *Terceiras Linguas* e as *Literaturas das Terceiras Linguas I* están incluídas nas *Troncais Segundas Linguas* e nas *Literaturas das Segundas Linguas I* non será necesario proceder á modificación das actas podendo figura-los alumnos na acta da materia matriculada inicialmente.

Cuarto .- A resolución destas validacións/adaptacións realizarase pola Unidade de Xestión Académica sen necesidade envia-las mesma a informe do centro.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2001

O Rector


Darío Villanueva Prieto

Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións; Sr. Secretario Xeral; Sra. Decana da Facultade de Filoloxía; Sr. Xefe da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa do Servizo de Alumnado; Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica; Sr. Xefe do COIE; Sr. Xefe do SEIN